

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO
2013/2014

IES de CATABOIS

ÍNDICE

CAPÍTULO I

- **DOCUMENTO 0 (Introdución)**
- **DOCUMENTO 1**
 - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA O CURSO 2013/2014
 - MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN
 - RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO
- **HORARIO XERAL DO IES**
 - HORARIO LECTIVO
 - HORAS E CONDICIÓNS DA DISPOÑIBILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNS PARA O ALUMNADO
 - HORARIO DE VERÁN
- **ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (TRANSPORTE)**
 - N° DE ALUMNOS E ALUMNAS
 - N° DE RUTAS
 - ITINERARIOS

CAPÍTULO II

- **DOC**

CAPÍTULO III

- **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**
- **PROGRAMACIÓN BIBLIOTECA**
- **PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**
 - RELACIÓN SECUENCIADA E TEMPORIZADA DAS ACTIVIDADES PREVISTAS.



- **PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO**
 - RELACIÓN DE ALUMNOS INDICANDO A EMPRESA Á QUE VAN
 - FASES NAS QUE SE VAI A DESENVOLVER A ACCIÓN
 - CALENDARIO

CAPÍTULO IV

- **ORZAMENTO DO CENTRO**

Anexo I

- **CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO INTERDISCIPLINAR (eixe central e metodoloxía de traballo).**

Anexo II

- **PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC).**

Plan anual (Documento nº 0)

O equipo directivo elaborou este proxecto de programación xeral coa finalidade de que o Claustro sexa informado e posteriormente sometelo á aprobación do Consello Escolar do IES de Catabois.

1. Identificación do centro

O IES de Catabois é un centro de ensinanza de carácter público. Foi creado como centro de Educación Xeral Básica e posteriormente no ano 1997 reconverteuse nun centro de Educación Secundaria Obrigatoria.

2. Persoal que presta os seus servizos no centro:

Profesorado nº total	Profesorado definitivo	Profesorado en expectativa
25	25 (*)	

(*) Tres profesores/as comparten centro.

Persoal de administración e Servizos nº total	Administrativo	Conserxes	Persoal de limpeza
4	1	1	2

3. Ensinanzas que se imparten

A matrícula para o presente curso é de 139 alumnos e alumnas repartidos como segue:

Nivel	Curso	Nº Grupos	Nº Alumnos/as
ESO	1º	2	37
	2º	2	32
	3º	1 + 1 PDC	28
	4º	1 + 1 PDC	21
PCPI /AFD– Mod C Mixta	Comercio	1	8
	Carpintaría	1	8

A práctica totalidade do alumnado viaxa en transporte escolar. Na etapa obrigatoria a Consellería de Educación subvenciona o transporte dunha parte do alumnado, o procedente dos centros adscritos ou residentes na zona de influencia dos mesmos.



4. Órganos constituídos

- **ANPA**
- **Xunta de delegados e delegadas.**
- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica** integrada polos xefes e xefas de departamentos, a coordinadora de normalización e dinamización lingüística, a profesora de pedagogía terapéutica, o xefe de estudos, e o Director.
- **Xunta de titores e titoras.**
- **Comisión de convivencia**
Constituída por: Don Miguel Ortega Souto, Don Eduardo Golpe Méndez, D. José Angel Galán Tosar. Titor/a do alumno/a. Representante da Xunta de Delegados.
- **Comisión económica**
Constituída por: Dna. Iolanda Sánchez Méndez.
- **Coordinadora do equipo de biblioteca**
Dna. Laura Fernández Sánchez
- **Coordinador proxecto Abalar**
D. Pablo Maceira Fernández
- **Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico.**
Constituída por: Don Miguel Ortega Souto, Don Eduardo Golpe Méndez, D. José Angel Galán Tosar,

5. Plan de potenciación de linguas estranxeiras:

- **Sección europea de lingua inglesa** organizada por profesorado dos departamentos de Tecnoloxía e Educación Física en colaboración co de Inglés e dirixida ao alumnado de 3º de ESO.
- **Auxiliar de conversa.** Ao igual que o curso pasado, presta os seus servizos no centro unha auxiliar de conversa procedente de Inglaterra cunha dedicación de 12 horas semanais repartidas entre as seccións bilingües e as clases de inglés.
- **Portfolio:**
 - **Coordinadora:** M^a Teresa Gómez Cheda
 - **Profesorado participante:**
 - Laura M^a Fernández Sánchez
 - Henrique Dacosta López
 - M^a Carmen Torres Rodríguez
 - José A. Rodal Fraga
 - Pablo Maceira Fernández
 - Iolanda Sánchez Méndez

6. Plan de mellora de Bibliotecas Escolares

O IES de Catabois leva dende o ano 2006 formando parte dos centros seleccionados para desenvolver un plan de mellora de Bibliotecas Escolares.

Asemade ten constituído constituído dous clubs de lectura xuvenil (un para o primeiro ciclo da ESO e outro para o segundo ciclo), un club de adultos, e un club de manga. Dende a súa participación no plan de mellora creouse un equipo de apoio á biblioteca escolar e nomeouse unha profesora coordinadora do equipo.

DOCUMENTO Nº 1 - PLAN ANUAL

	OBXECTIVOS	MEDIDAS	TEMPORIZACIÓN	RECURSOS E RESPONSABLES
1	Crear un clima que fomente o esforzo, o traballo diario, ademais do respecto e o incremento da empatía entre todos os integrantes da comunidade educativa	Implicación de todos os sectores da comunidade educativa. Petición de proxecto de formación en centros.	Curso 2013-14 e 2014-15	Claustro; Xefatura de Estudos; Departamento de Orientación, Xunta de Delegados
2	Xeneralizar o uso das TICs entre o profesorado e como instrumento metodolóxico e de comunicación e intercambio ou transferencia de información no proceso de ensino-aprendizaxe.	Protocolo de comunicacións entre os membros da comunidade educativa: convocatorias órganos colexiados, formación interna e externa.	Curso 2013-14 e seguintes	Equipo Directivo; Coordinador TICs; Profesorado
3	Continuar potenciando o uso da Biblioteca como eixo de transmisión de coñecementos de diversas disciplinas e culturas.	Proposición de actividades para que os alumnos busquen información sobre temas variados. Concursos. Plan Lector. Proxecto Lingüístico. Hora de Ler. Clubes de lectura.	Curso 2013-14 e seguintes	Equipo da Biblioteca; Claustro; Alumnado; Pais e Nais.
4	Mellorar a atención do alumnado con materias pendentes ou con necesidades de reforzo.	Continuar coa implantación das Adaptacións curriculares e dos reforzos educativos con atribución horaria en 1º e 2º de ESO. Manter o PCDC en 3º e 4º de ESO e atención do alumnado con necesidades educativas especiais tanto dentro como fóra da aula. Creación do Grupo de Adaptación as Linguas	Curso 2013-14	Departamento de orientación, CCP e Claustro.
5	Proporcionarlles tanto ás alumnas como aos alumnos unha educación para a igualdade entre mulleres e homes e explícita no NOF as medidas de corrección de comportamentos sexistas.	Elaborar todos os cursos material sobre o tema para traballar na titoría. Charlas e actividades complementarias.	Curso 2013-14 e seguintes	Claustro, departamento de orientación, titores e dirección.
6	Mellora continua do NOF e os distintos documentos do centro, coas achegas de toda a comunidade educativa.	Continualo a dar a coñecer á comunidade educativa. E facer todas aquelas modificacións que sexan oportunas.	Curso 2013-14 e seguintes	Comunidade Educativa.

7	Aumentar entre as familias o coñecemento do centro.	Convocar as familias do alumnado de 1º de ESO dos centros adscritos (nova incorporación) no período de reserva de praza. Invitar os centros adscritos a compartir as celebracións do día do libro, letras galegas... Facer reunións coas familias do alumnado da ESO (unha no 1º trimestre).	Curso 2013-14 e seguintes	Dirección, departamento de Orientación, titoras e titores, profesorado.
8	Implantar un programa de formación do persoal do centro para actuar en caso de emerxencia.	Dedicar unha sesión de titoría da ESO no primeiro trimestre ao estudo do resumo do plan de autoprotección. Facer un simulacro de evacuación.	Curso 2013-14 e seguintes	Dirección, departamento de orientación, titoras e titores, profesorado.
9	Regulación das actividades extraescolares e complementarias.	Elaboración dun Plan de actividades complementarias e extraescolares para evitarmos problemas que, en ocasións, xorden ao planificarmos as actividades extraescolares.	Curso 2013-14 e seguintes	Dirección, departamento de actividades complementarias e extraescolares, CCP, claustro.
10	Mellora e mantemento das instalacións en xeral.	Impulsar o coidado das instalacións	Curso 2013-14 e seguintes	Comunidade Educativa
11	Páxina web do Centro. Continuar incrementando a utilización da web, e mantela actualizada.	Prestar axuda e formación ao profesorado na incorporación de contidos á web do centro.	Curso 2013-14	Dirección e responsable das TIC's do Centro
12	Aumentar a relación con outros centros (tanto locais coma nacionais e internacionais), coas asociacións de veciños da contorna, asociacións deportivas...	Seguir facilitando o uso das instalacións do centro en períodos non lectivos para a realización de actividades. Fomentar e facilitar todo tipo de proxectos e programas encamiñados a que o alumnado coñeza outras realidades, formas de traballo, culturas e linguas. Organizar e participar conxuntamente celebracións, conmemoracións e actos, como o magosto, samaín, semana das letras galegas propostas polas Asociacións de veciños.	Curso 20123-14 e seguintes	Comunidade Escolar
13	Coidado da contorna.	Seguir traballando nas titorías, de xeito teórico e práctico, na conservación e mellora do noso centro (instalacións interiores e exteriores), campaña de limpeza dos patios, implicación da comunidade	Curso 2013-14 e seguintes	Claustro, alumnado, titores e titoras, consello escolar e dirección.



		educativa. Optimización de recursos		
14	Potenciación das linguas e fomentar o intercambio cultural.	Promover e valorar o uso da lingua galega na Comunidade Educativa. Aproveitar a presenza da auxiliar de conversa, así como o traballo no Portfolio para unha mellora xeral do coñecemento das linguas.	Curso 2013-14	Dirección, responsable de proxectos europeos e coordinadora de seccións bilingües. Coordinadora de Portfolio.

HORARIO XERAL DO CENTRO

HORARIO LECTIVO DO CENTRO

Intentarase, dentro dos medios cos que contamos realizalo atendendo a criterios pedagóxicos e organizativos.

HORARIO E CONDICIÓNNS DE DISPOÑIBILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNNS PARA O ALUMNADO

O horario coincidirá co horario lectivo do instituto, agás os martes que poderán utilizarse algúns dos espazos do centro dende o remate do comedor ata o comezo das clases. Esta utilización terá que estar sempre supervisada polo profesorado do centro.

HORARIO DE VERÁN

O horario de verán será o seguinte:

XULLO.- O horario de atención ao público será de 10:00 a 13:00 h.

AGOSTO.- O centro permanecerá pechado.

ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS **TRANSPORTE ESCOLAR 12/13**

Nº DE ALUMNOS/AS

97 alumnos/as

Nº DE RUTAS

No curso 2012/13 funcionarán un total de 7 rutas non habendo, neste momento, ningunha modificación nas mesmas en relación ao curso anterior.

ITINERARIOS

ITINERARIO Nº1

BUSTELO-MANDIA

VILELA-MANDIA

MANDIA CHA

FONTELA

CONFURCO

PRIOR-HORIZONTE

PEDREIRA-COBAS

SOAGRAÑA-COBAS

BAR COBAS-COBAS

COOP. COBAS

AS PALMEIRAS-COBAS

CRUCE-MODIA

IGREXA-ESMELLE

LODEIRO-ESMELLE

ITINERARIO Nº2

PAZOS

MESÓN AS NOGAIS

POLO-SERANTES

SERANTELLOS

VILASANCHEZ

TORILLA

ITINERARIO Nº3

VIVENDAS SINDICAIS

TALLERES JUAN RAMÓN

CASA PÉREZ

DEPÓSITO AUGA STA MARIÑA

HÓRREO

IGREXA STA. MARIÑA

CRUCE STA. MARIÑA

ITINERARIO Nº 4

MORANDEIRA

BIENESTAR

BELEICON

CUARTEL POLICÍA MUNICIPAL

SEAT

TEJERAS

ESTEIRO

PZA. ESPAÑA

ITINERARIO Nº5

COLUMNAS

VINCULEIRO

PALLOTA

PAVILLÓN SANTA ICÍA

PONTE DAS CABRAS

FAJARDO

IFERNIÑO

MADRID-PARIS

ITINERARIO Nº 6

CEMITERIO

CASA JULIO

CASA RAPOSO

MUIÑO DO VENTO

PLÁCIDO

NIEVES

PAN Y MOJA

CONCHA

BALTAR

ITINERARIO Nº 7

BUTANO

SAN PABLO- CATABOIS

MIRADOR

PTA. NEIRA

COMERCIAL GATO

TERRAZA

CUARTEL GUARDA CIVIL

PTA. CANIDO

MALATA – OS CORRAIS

CAPITULO II

DOC (Enviarase a partir do 20 de outubro)

CAPITULO III

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES CURSO 2013-2014

XEFE:

María Jesús Carpintero Ameneiros, encargada de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

COLABORADORES:

Equipo Directivo.
Tutores dos grupos.
Xefes dos Departamentos.
Equipo de Normalización Lingüística.
Restantes Profesores/as.
Alumnos/as.
Comunidade Educativa en xeral.
Concello.
Outros Organismos.

OBXECTIVO XERAL

FORMATIVOS:

- Fomenta-lo clima de respecto e participación.
- Valora-las calidades de pais/nais, alumnos/as, profesores/as.

PROCEDIMENTAIS:

- Practicar actitudes de tolerancia e comprensión entre tódolos membros da Comunidade Educativa.



ACTITUDINAIS:

- Que as festas, conmemoracións e actividades complementarias e extraescolares

sexan como un marco onde demostramos todos ríspeto, amizade, boa convivencia e alegría.

AUTORIZACIÓN

Posto que a participación nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria requírese autorización previa por escrito dos pais/titores sempre que as actividades se desenvolvan fóra do Centro. Os alumnos que non asistan a ditas actividades teñen a obriga de asistir ó Centro.

ARTIGO 6.7º (DOG.09 de Agosto de 1996)

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade, deberase contar cos seguintes requisitos:

- Aprobación do Consello Escolar.
- Autorización escrita dos pais/nais ou titor/a legal.
- Os/as alumnos/as serán acompañados/as polos profesionais correspondentes na proporción dun profesor/a por cada vinte alumnos/as.

ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este orzamento será sometido á consideración do director que terá en conta a estimación económica que o Equipo Directivo estableza en base ás súas previsións económicas.

Dada a situación do Centro, fóra do casco urbano, é necesario o uso do transporte para a maioría das actividades programadas, polo que o Centro correrá cos gastos de transporte nas actividades realizadas na cidade e bisbarra. Na medida que sexa posible tamén subvencionará parcialmente as realizadas fóra deste ámbito.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

- Saída ó Parque Raíña Sofía, visitando “Aquaciencia” e “Aula de ecoloxía urbana” cos alumnos de 2º ESO.
- Visita ó Museo Naval de Ferrol cos alumnos de 2º ESO.
- Visita a unha central térmica ou eólica cos alumnos de 3º e 4º ESO.
- Visita ó Museo de Industria e Casa do Home cos alumnos de 3º e 4º na Coruña.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Saída a representacións teatrais en Ferrol e a súa bisbarra.
- Participación no “Concurso de redacción Coral Santa Icia” dos alumnos de 2º ESO.
- Saída ó cine para o visionado de películas relacionadas co currículo.
- Realización de calquera actividade relacionada co currículo da materia, promovida polas distintas entidades educativas.
- Visita conxunta (1º e 2º ciclo) ou separada a Santiago e A Coruña con carácter cultural: Museos, Biblioteca... Pode formar parte da viaxe de fin de curso.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA INGLESA

- Visita á Escola Oficial de Idiomas dos alumnos de 3º e 4º organizado conxuntamente co Departamento de Francés.
- Solicitar participación nunha asociación Multilateral Comenius.
- Contacontos en inglés e galego en colaboración co Departamento de Língua Galega e Normalización Lingüística.



ACTIVIDADES PROGRAMADAS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

- Saída á Biblioteca de Ferrol.
- Obradoiro didáctico de regueifas.
- Asistencia ó teatro e cine en galego.
- Conferencias de escritores galegos ó longo do curso para todos os niveis.
- Contacontos en galego-inglés para todo o alumnado.
- Confección dos Maios: Letras das cancións.
- Actividades sobre o Samaín (cabazas, receitas, etc).
- Actividade sobre o Día das Letras.
- Obradoiro de torneado de madeira.
- Intercambio culturais con alumnado doutros centros.
- Participación dos alumnos de 3º e 4º ESO no “Proxectoterra” en colaboración entre o COAG e a Consellería de Medio Ambiente con visitas guiadas de arquitectura e intercambio territoriais.
- Saída á Biblioteca de Ferrol de todo o alumnado do Centro.
- Correlingua para alumnos do 1º curso.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

- Participación no programa “Descubrir la Música” promovido polos Servizos Educativos Municipais do Concello da Coruña, con ensaios e concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia para alumnos de 2º, 3º e 4º ESO ó longo do curso programados entre novembro e maio.

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Participación no programa “Aulas verdes” organizado polo Club Montaña Ferrol en colaboración coa Concellería de Medio Ambiente.

- Actividade ambientais na provincia da Coruña: Aula de Natureza de Chelo e Fragas do Eume para 1º da ESO.
- Saída de todo o Centro ás Fragas do Eume con actividades de sendeirismo e kaiak.

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE SOCIAIS

- Visita ós Museos e Centros Culturais do entorno, exposicións itinerantes sen data.
- Percorridos urbano para coñecemento do entorno dos alumnos de 3º e 4º ESO.
- Saída a Santiago con alumnos de todo o Centro con visitas á Catedral e algún museo aínda por determinar.
- Saída a Cambre dos alumnos de 1º ciclo para visitar o Museo do Xacemento Romano e a Fundación Wescelao Fernández Flórez.

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

- Saídas a Centros Culturais da Cidade para 1º e 3º ESO e saída a Fundación Barrié de la Maza e Fundación Caixa Galicia na Coruña para alumnos de 4º ESO.

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

- Conferencia dirixida ós alumnos de 3º e 4º ESO, sobre a anorexia e a bulimia impartida por un grupo de especialistas en nutrición.
- Charlas informativas ós alumnos de 3º ESO sobre sexualidade e anticoncepción e enfermidade de transmisión sexual.
- Información sobre consumo de drogas proporcionadas por unha asociación a todos os cursos.
- Visita ós tellados da Catedral de Santiago.
- Talleres de consumo en Santiago de Compostela para 3º E.S.O.
- Saída ó museo Luís Iglesias en Santiago de Compostela para 2º, 3º e 4º E.S.O.
- Asistencia ó museo científico Domus na Coruña para alumnos de 3º E.S.O.



- Asistencia ós museo científicos Casa dos Peixes e Planetario na Coruña para alumnos de 1º ciclo.
- Charla-coloquio dirixida ós alumnos de 3º e 4º ESO cumprindo o obxectivo formativo 2010-2011 “Programa de divulgación en doazón e transplante de órganos e tecidos”.
- Ó longo do curso asistencia dos alumnos de 1º ciclo da ESO ós Obradoiros medio ambientais programados polo Concello de Ferrol.
- Estas actividades non están ordenadas cronoloxicamente. Os grupos e nº de alumnos que participarán en cada unha delas pode variar. Así mesmo, falla a confirmación das diferentes asociacións para vir impartir as charlas.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Propóñense como posibles saídas:

- Visita a un laboratorio o a unha fábrica en coordinación co resto dos Departamentos das áreas científico tecnolóxicas.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Como actividade complementaria xeral do Centro estableceranse turnos de mantemento da boa orde do patio, có fin de sensibilizar ó alumnado coa conservación do seu entorno.
- Educación en valores a través do cine co obxectivo de desenvolve-las capacidades do alumnado mediante a adquisición de valores persoais desenrolado no programa promovido polos servizos sociais do Concello de Ferrol para alumnos do 1º ciclo da E.S.O. coas proxeccións de tres películas nos cines Dúplex en novembro, febreiro e maio.
- Charla de prevención de alcoholismo co obxectivo de que o alumnado sexa consecuente co coñecemento do corpo e das súas necesidades, adoptando unha actitude crítica ante as prácticas que teñen efectos negativos para a saúde individual e colectiva. Realizarase no propio Centro cos alumnos de 3º ESO.

- Faranse tamén charlas da asociación Quérote sobre: Convivencia entre iguais en espazos físicos e virtuais, sobre a imaxe corporal, charlas sobre sexualidade, e afectividade, dirixida a alumnos de 3º ESO realizándose no noso Centro.
- Participación no programa “Aulas Activas de Seguridad Vial”, organizado pola asociación STOP ACCIDENTES en colaboración co INSTITUTO MAFRE e a D.G.T.
- Participación no programa de actividades escolares de Novagalicia Banco.
- Participación na campaña de “Prevención de Violencia de Xénero” promovida polo Concello de Ferrol en cooperación coa Consellería de Traballo e Benestar con tres sesións para alumnos de 4º ESO.
- Durante o curso proporanse actividades de orientación académica-profesional para alumnos de 2º ciclo: Visita ó Campus, charlas dos Institutos de Secundaria, información das Forzas Armadas, coñecemento da oferta de FP, ciclos de grado medio e PCPI.
- Faranse charlas da Policía Nacional seleccionadas sobre estas temáticas: Acoso escolar, drogas e alcohol, bandas xuvenís, violencia de xénero, riscos de internet.
- Actividades en colaboración co Corpo Nacional da Policía consistente na exhibición e mostras de materiais de unidades especiais que se solicitarán á Xefatura Superior de Policía de Galicia, que no seu caso autorizará a súa realización.

FESTAS E CONMEMORACIÓNS

- Día Internacional contra a violencia de xénero: 25 de novembro. Realizaranse actividades relacionadas co tema nas aulas.
- Día da Constitución: faranse lectura e comentarios dalgúns artigos da Constitución Española, sendo programadas as actividades polo Departamento de Sociais.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto da Autonomía de Galicia: 1 ó 11 de Decembro, sendo programadas as actividades polo Departamento de Sociais.
Traballarase nas clases.
- Día de Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de Decembro. Traballarase nas clases con lectura e comentario da prensa daquelas noticias nas que se violen os dereitos humanos, sendo programadas as actividades polo Departamento de Sociais.



- Día da Paz: celebrarase o 30 de Xaneiro. Traballarase por grupos con charlas audicións musicais, redaccións e vídeos referentes ó tema, sendo programadas as actividades polo Departamento de Relixión e profesores de alternativa á Relixión.
- Día Internacional da Muller. 8 de Marzo.
Realizaranse actividades relacionadas co tema nas aulas, sendo programadas as actividades polo Departamento de Sociais.
- Día Mundial dos dereitos do Consumidor: 15 Marzo.
Estudaranse ditos dereitos e a forma de respectalos e facelos respectar, sendo programadas as actividades polo Departamento de Naturais.
- Semana da Prensa: 10 ó 15 de Marzo.

Un día desta semana traballarase na aula con xornais, declárase día con xornais, sendo programadas as actividades polo Departamento de Lingua.

- Día Mundial da Saúde: 7 de Abril.
Traballaranse aspectos relativos á boa saúde dos adolescentes, sendo programadas as actividades polo Departamento de Naturais.
- Conmemoración do Día do Libro: Entre o 11 e ó 30 de abril o departamento de Lingua Castelá e Literatura, pretende celebrar o Día do Libro con diversas actividades.
- Día de Europa: 9 de Maio.
Sendo programadas as actividades polo Departamento de Sociais.
- Semana das Letras Galegas: 8 a ó 17 Maio.
Segundo as instrucións que no DOG. se diten para a devandita conmemoración, faranse os traballos oportunos de autores nominados en historia da Literatura Galega. Os profesores de lingua galega traballarán durante a semana do 2 ó 9 de maio sobre este tema con redaccións, lecturas...
- Día Mundial do Medio Ambiente: 5 de Xuño.
Conmemórase esta festa traballándose nas clases de Ciencias da Natureza a importancia da conservación da mesma, sendo programadas as actividades polo Departamento de Naturais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADES QUE SE FARÁN DURANTE TODO O CURSO (sen datar)

- Asistencia a obras de Teatro, conferencias organizadas polos distintos Organismos ó longo do Curso.
- Prácticas de Laboratorio, proxección de vídeos, visitas a Bibliotecas.
- Realización de traballos, conferencias, concertos.
- Recollida de pilas.
- Percorridos polo entorno.
- Proxección de diapositivas, audicións musicais.
- Charlas, conferencias, dentro e fora do Centro.



ESQUEMA DE TRABAJO ANTE UNHA SAÍDA

LUGAR

FASES DE SAÍDA

Aula

- 1 Fundamentación.**
Presentación de obxectivos.
Información aspectos básicos.
Coñecementos.
Aclaracións.

Aula

- 2. Preparación.**
Itinerario.
Actividades.
Organiza-la viaxe.

Campo

- 3 Recollida de datos.**
Breve explicación.
Anotacións e recollida de mostrás.

Aula

- 4 Conclusións e Valoración.**
Ordenación e interpretación de datos.
Contrastación da información.
Relación de traballos.
Valoración da saída.
Aspectos do Estudo.

Aproveitámo-las oportunidades educativas do medio (natural, cultural e institucional) para a formación integral dos alumnos.

PROGRAMACIÓN BIBLIOTECA

IES CATABOIS, FERROL. 2013-2014

1. CONTEXTUALIZACIÓN.

O IES de CATABOIS conta con 118 alumnos e alumnas de ESO e mais unha cifra aínda por determinar de PCPI para este curso 2013/2014. A práctica totalidade deles residen no Concello de Ferrol, pero proceden da área periférica do municipio, así como de varias parroquias do rural. Comparten, por tanto, características de zona urbana e periurbana.

Respecto do uso da Lingua Galega, cómpre dicir que practicamente na súa totalidade o alumnado é castelanfalante segundo se deduce do estudo realizado para a elaboración do PLC aínda que haxa avós ou pais e nais de alumnos e de alumnas que falan en galego. Debemos sinalar a existencia tamén de alumnado doutras nacionalidades: brasileira, hispanoamericana e portuguesa.

No centro conviven alumnos pertencentes á E.S.O e PCPI. Cabe mencionar tamén a existencia de dous grupos de Diversificación Curricular, un en 3º de ESO e outro en 4º de ESO. Atendendo á distribución do alumnado por cursos e grupos, queda deste xeito:

Ensino Secundario:

1º E.S.O: hai dous grupos, cun total de 36 alumnos.

2º E.S.O: hai dous grupos, cun total de 33 alumnos.

3º E. S.O: hai dous grupos, un deles específico de PDC, cun total de 27 alumnos.

4º E.S.O: dous grupos, cun de PDC, cun total de 21 alumnos.

PCPI: 15

Alén disto, o centro conta cun claustro de 25 profesores e 4 membros do persoal non docente.



Non se pode obviar a importante porcentaxe de **alumnado** xitano que asiste ao noso centro. Centrándonos na ESO, o 20% dos rapaces e rapazas aquí matriculados pertencen a esa etnia. Ese dato é máis relevante aínda se se ten en conta que O 89% se concentra no Primeiro Ciclo o que supón arredor dun 37% do total.

1. XUSTIFICACIÓN DA RELEVANCIA DO LABOR DA BIBLIOTECA. EIXO CENTRAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Hoxe en día xa non se cuestiona o papel da biblioteca nun instituto, e menos no noso unha vez visto o contorno do centro e o do noso alumnado.

A LOE incide en que a lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das capacidades básicas, esas competencias que o noso alumnado terá desenvolto ao rematar o ensino obrigatorio para poder acadar a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta dun xeito satisfactorio e para ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A biblioteca escolar, articula e apoia o proxecto de lectura (e implicitamente o de escritura) do centro, polo que a nosa biblioteca é o complemento imprescindible para a adecuada consecución da competencia:

- en comunicación lingüística,
- para aprender a aprender,
- no tratamento da información e na competencia dixital,
- para a autonomía e iniciativa persoal,
- para o coñecemento e a interacción co mundo físico,

e non só debemos relacionala coas habilidades para a investigación e a información, tamén axuda a desenvolver

- a competencia social e cidadá
- a competencia cultural e artística

e, malia que alguén o dubide,

- a competencia matemática

Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

A competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros) (...)

O desenvolvemento da competencia matemática ao final da educación obrigatoria implica utilizar espontaneamente -nos ámbitos persoal e social- os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas provenientes de situacións cotiás e para tomar decisións.

Queremos destacar que a nosa biblioteca vén recibindo o apoio do PLAMBE desde o curso 2006-2007.

A motivación que nos leva a nós, como membros do equipo da biblioteca, a continuar traballando nela, podémola resumir nos seguintes apartados:

Primeiro: Seguir traballando para que a Biblioteca sexa un lugar de encontro para os diferentes sectores da comunidade educativa: profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado e pais e nais. Neste curso 12-13 seguiremos insistindo ata conseguir que a biblioteca axude non só a mellorar a cultura das familias que teñen escolares no centro (por exemplo, utilizando os fondos da sala) senón tamén, e ademais, como recurso que propicie a relación entre o IES e os pais e as nais.

Segundo: As características do alumnado do centro, pertencente nunha porcentaxe alta á clase media/baixa e cun número importante representante da etnia xitana, con dificultades en moitas ocasións para facer uso das bibliotecas municipais, afastadas con respecto ao seu domicilio, aconsella que o propio



Instituto faga o posible por compensar esa carencia. En consecuencia, dispoñer dunha biblioteca escolar suficientemente dotada é, para o noso centro, imprescindible.

Terceiro: Cómprenos continuar o traballo de cursos anteriores. Afianzado xa o labor de xestión dos fondos e a organización da sala (normas de funcionamento, reparto de tarefas no Equipo da biblioteca e no profesorado colaborador, ... etc), é preciso seguir consolidando a biblioteca como instrumento ao servizo do fomento da lectura, como lugar de consulta, de traballo...

Cuarto: A dotación económica á que optamos a través do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dos centros públicos non universitarios para o curso entendémola como indispensable para seguir mellorando o equipamento básico da instalación e a adquisición e, no seu caso, actualización dos fondos bibliográficos, audiovisuais e informáticos. Seguiremos traballando arreo para percibirnos estes cartos. Isto suporía unha mellora no servizo que presta a biblioteca a toda a comunidade educativa como centro de recursos multimedia para a formación e o lecer e como axente dinamizador da vida cultural e pedagóxica do centro.

Quinto: Desde o noso punto de vista, parécenos necesario destacar a importancia que ten a oferta de ferramentas informáticas e audiovisuais para a comunidade educativa do centro. Sabendo que a dispoñibilidade de equipos informáticos entre os escolares non é moi elevada, contamos agora con catro ordenadores con conexión á Internet a disposición do alumnado.

2. OBXECTIVOS.

- Seguir mellorando a sala para facer dela un espazo agradable e acolledor que favoreza as actividades de estudo e lectura. Completada nunha porcentaxe moi alta a dotación de mobiliario, urxe agora aumentar o espazo da instalación.
- Ampliar e actualizar os recursos que temos no catálogo, tanto no que se refire a material bibliográfico coma no referido a fondos audiovisuais ou informáticos.
- “Achegar” os fondos da biblioteca aos usuarios potenciando a HORA DE LER, as exposicións temáticas en espazos do centro determinados e seguir fomentando a afiliación dos pais/nais do noso alumnado (con especial atención as familias que escolarizan no primeiro curso de ESO os seus fillos) .
- Prestarlles aos departamentos a colaboración necesaria para o seu desenvolvemento didáctico.
- Sermos o apoio e complemento do traballo de área, de aula, xa que a formación de lectoras e lectores competentes, autónomos, capaces de aprender a aprender, é unha responsabilidade que lle atinxe a todo o claustro, non só aos departamentos de linguas.
- Ampliar e actualizar os recursos en todos os soportes actuais da información (bibliográficos, audiovisuais e informáticos) a disposición de toda a comunidade educativa e situar a biblioteca como elemento compensador de desigualdades sociais.
- Levar a cabo actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e de información, de maneira que adquiran un hábito continuado que reforce a súa formación intelectual e cultural
- Potenciar a formación de usuarios e usuarias para convertelos en lectores competentes.
- Seguir co labor de dinamización dos clubs de lectura.



3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

3.1. XESTIÓN.

O equipo da biblioteca está integrado por dez profesores/as pertencentes aos seguintes departamentos:

- Matemáticas : Ana Álvarez.
- L. Galega : Iolanda Sánchez.
- Música : Mónica García.
- E.Física: Alfonso Prieto.
- Francés: Laura Fernández.
- CC.Sociais: Emilia Saavedra.
- L. Castelá: Teresa Gómez.

As tarefas continuarán repartidas do xeito seguinte:

- Responsable (encargada de coordinar e dinamizar o traballo, presentar programación e memorias, asistir a xornadas, contestar correo PLAMBE...): Laura.
- Formación de usuarios: Laura e Iolanda.
- Informatización: Ana, Laura e Mónica.
- Actualización de blogs: Mónica e Iolanda.
- Trípticos, dípticos e publicacións: Mónica e Laura.
- Hora de ler: Laura e Iolanda.

- Clubes de lectura xuvenil: Iolanda e Teresa e José Antonio Rodal Fraga
- Club de lectura adultos: Laura, Mónica e María Millán, ex-profesora de Lingua Castelá xubilada, membro moi activo no equipo desta biblioteca durante anos. Desde aquí queremos agradecer o seu labor de continuidade para este curso.
- Concurso da biblioteca: Emilia e Alfonso.
- Préstamo e atención gardas recreo: Ana, Emilia, Mónica, Laura, Iolanda, Alfonso e Teresa.
- Normalización lingüística: Iolanda.

A xestión da totalidade dos fondos realízase utilizando o programa “Proxecto Meiga”. Catalogación e rexistro, xestión de préstamos e devolucións, elaboración de carnés etc., son labores nos que, o uso dese programa, resulta imprescindible.

A consulta do catálogo desde o blogue ou desde a propia páxina web do instituto, é un servizo que deriva da utilización do Meiga como programa de xestión. Calquera persoa que dispoña no seu domicilio de acceso á Internet pode, desde a súa casa, consultar o noso catálogo (e doutras bibliotecas escolares ou municipais, que contén co Meiga).

3.2. FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN.

Laura, Teresa e Iolanda proporcionaranlles información aos titores para levar a cabo a formación de cada grupo de alumnos/as como usuarios da biblioteca . Terá lugar en horario de titorías a principios de Outubro. Realizaranse varias tarefas, tomando como base o noso Power Point de



“Formación de Usuarios”, así como distintos xogos de busca para que o alumnado, especialmente o de Primeiro, se familiarice co funcionamento da biblioteca.

3.3. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

Actualizarase o Proxecto Lector programando actividades específicas en cada área relativas aos itinerarios lectores, así como xerais da biblioteca.

Seguiremos coas nosas actividades tradicionais:

- Eixe temático que aglutine todas as nosas actividades.

Este curso será : A poesía.

- Hora de Ler diaria:

Son 20 minutos de lectura durante seis semanas en cada trimestre.

- Concurso semanal .

Terá lugar nun recreo entre os meses de xaneiro e maio (ambos incluídos).

- Clubes de Lectura Xuvenís.

Contamos con tres clubs de lectura de alumnos: dous máis convencionais formados, o primeiro por alumnos do segundo ciclo que se reúne os martes no segundo recreo e o segundo composto por alumnos do primeiro ciclo que se reúne no segundo recreo dos xoves, e outro para os afeccionados ao manga e o anime que se reúne os segundos recreos dos luns, mércores e venres de todas as semanas. Ademais, existe dende o curso pasado un Club de Xadrez que se reúne tamén semanalmente no segundo recreo dos martes.

Club de Lectura de Adultos mensual.

Terá lugar na tarde do martes a partir de outubro.

- Tríptico trimestral.
- Semana do Libro.
- Semana das Letras Galegas.

3.4. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

3.4.1. Criterios de avaliación.

Son dous os aspectos que serán obxecto de avaliación:

1. Uso da biblioteca:

- Constatación do seu emprego por parte dos nosos lectores.
- Comprobación do nivel de demanda dos libros que se publicitan nos boletíns, exposicións, blogs e/ou por calquera outro medio.
- Estudo da demanda de material non catalogable (xornais, revistas, etc) e audiovisual.

2. Implicación:

- Comprobación do nivel de participación nas actividades que se organizan.
- Valoración do uso da biblioteca por parte do profesorado como recurso pedagóxico.

3.4.2. Procedementos de avaliación.

Continuaremos a avaliar o noso traballo a través de enquisas e nunha reunión final na que os membros do equipo cambiaremos impresións sobre o



desenvolvemento das actividades, as dificultades atopadas, o que se pode manter e potenciar e o que deberíamos cambiar.

Algunhas actividades como a Hora de Ler ou os Clubes de Lectura terán a súa propia avaliación.

As conclusións derivadas de todo isto servirán para mellorar o noso traballo.

HORARIO DA BIBLIOTECA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1 ^a					
2 ^a	Teresa	Teresa	Laura		Emilia
recreo	Ana	Teresa	Mónica	Emilia Alfonso	Laura
3 ^a		Laura	Laura Mónica Ana	Laura Emilia	Laura Mónica Iolanda
4 ^a					Alfonso
recreo	Iolanda	Alfonso Teresa Iolanda	Laura	Teresa Iolanda	Mónica
5 ^a				Mónica	
6 ^a					

As gardas de recreo na biblioteca son voluntarias.

Os días e os recreos en que teñen lugar os clubs de lectura non son definitivos e poderían variar segundo as necesidades ao longo do curso.

PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

GALEGA DO

IES DE CATABOIS (FERROL)

CURSO 2013/2014



ÍNDICE

1. Introducción	34
2. Composición do EDLG	35
3. Breve análise sociolingüística	36
4. Obxectivos	37
a. Obxectivos xerais	38
b. Obxectivos canto á lingua habitual	38
c. Obxectivos canto á competencia lingüística	38
d. Obxectivos canto á valoración do idioma	38
e. Obxectivos por sectores (alumnado, profesorado, contorna)	38
5. Medidas	39
6. Actividades	40
a. Edición de materiais en lingua galega	40
b. Charlas con autores, conferencias e espectáculos	41
c. As nosas tradicións	42
i. Samaín	42
ii. Magosto	42
iii. Entroido	42
iv. Os Maios	43
d. Concursos literarios	43
e. Especial Días das Letras	43
f. A colaboración coa biblioteca	44
g. Colaboración con outras entidades	44
7. Outras actividades	44
8. Avaliación e previsión de impacto	46
9. Temporización, destinatarios e orzamento (ANEXO III)	47

1. INTRODUCCIÓN

Como en anos anteriores, comezamos o novo curso sen saber aínda as datas de petición de axudas a Política Lingüística. Queremos salientar que esta subvención económica, xunto coa partida que recibimos do propio instituto, é relevante para un desenvolvemento folgado das actividades. Malia todo, este EDLG procurará, dun xeito firme e motivador, traballar arreo na dinamización da nosa lingua no IES Catabois. O noso fin segue a ser a normalidade do emprego do idioma en todas as situacións comunicativas que rodean esta comunidade educativa.

Seguiremos unha liña de continuidade coa programación presentada o curso pasado por varias razóns: hai actividades concibidas de xeito plurianual que deben continuar polo grao de implicación da comunidade educativa e segundo, hai obxectivos aínda sen acadar, hai actividades novas do curso pasado que non se levaron a termo, e actividades que queremos repetir e mellorar xa que foi o propio profesorado e mais o alumnado quen o demandou.

Neste instituto aínda se observa un predominio notable do castelán sobre o idioma autóctono. Este predominio dáse indistintamente tanto na relación entre alumnado/profesorado, dentro e fóra das aulas, como na relación entre o propio alumnado.

É por isto labor noso intentar corrixir e fomentar o uso do idioma, de xeito que a discriminación positiva se faga efectiva na práctica e non só na teoría, e máis agora, cando materias consideradas de prestixio deixan de impartirse en galego para facelo en castelán.

A programación anual do Departamento de Dinamización da Lingua do centro baséase no estudo realizado entre toda a comunidade educativa para levar a cabo a redacción do Plan Lingüístico do Centro. A conclusión deste estudo é a de que estamos a traballar cun alumnado castelán falante practicamente na súa maioría e cun contorno hostil cara á Lingua Galega.



2. COMPOSICIÓN DO EQUIPO

Sen dúbida somos uns privilexiados xa que contamos co apoio e a adhesión de case a metade do claustro. Calquera actividade promovida para a normalización do idioma ten o recoñecemento da comunidade educativa.

Representantes do persoal docente:

- D. Henrique Dacosta López (Dpto. Lingua Galega)
- Dna. Laura Fernández Sánchez (Dpto. Lingua Francesa)
- D. José Ángel Galán Tosar (Dpto. Orientación)
- Dna. Mónica García Velasco (Dpto. Música)
- Dna. María Teresa Gómez Cheda (Dpto. Lingua Castelá)
- Dna. Rita López Castro (PT)
- D. Miguel Ortega Souto (Director)
- D. Jose Antonio Rodal Fraga (Dpto. Lingua Castelá)
- Dna. Emilia Saavedra Seijo (Dpto. Ciencias)
- Dna. J. Margarita Santos (Dpto. Bioloxía)
- Dna. María Carmen Torres (Dpto. Inglés)

Representantes do alumnado. O equipo ten a sorte de contar coa colaboración espontánea da maior parte do alumnado, pero é salientable a participación das alumnas e alumnos do segundo ciclo da ESO. Como representantes do alumnado de terceiro temos a Sasha Meg Moreira Paulino e Laura Ramos Martínez. Como representantes do alumnado de 4º temos a Gloria Chao Calvo, Desiré López Prieto, e Santiago Rodríguez López.

Representante do persoal non docente:

D. José Ángel Yáñez Pato

Coordinadora do EDLG

Iolanda Sánchez Méndez

3. BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O IES de CATABOIS conta con 118 alumnos e alumnas de ESO e mais 15 de PCPI para este curso 2013/2014. A práctica totalidade deles residen no Concello de Ferrol, pero proceden da área periférica do municipio, así como de varias parroquias do rural. Comparten, por tanto, características de zona urbana e periurbana.

Respecto do uso da Lingua Galega, cómpre dicir que practicamente na súa totalidade o alumnado é castelanfalante segundo se deduce do estudo realizado para a elaboración do PLC aínda que haxa avós ou pais e nais de alumnos e de alumnas que falan en galego. Debemos sinalar a existencia tamén de alumnado doutras nacionalidades: brasileira, hispanoamericana, portuguesa e romanesa.

No centro conviven alumnos pertencentes á E.S.O e PCPI. Cabe mencionar tamén a existencia de dous grupos de Diversificación Curricular, un en 3º de ESO e outro en 4º de ESO. Atendendo á distribución do alumnado por cursos e grupos, queda deste xeito:

Ensino Secundario:

1º E.S.O: hai dous grupos, cun total de 36 alumnos

2º E.S.O: hai dous grupos, cun total de 33 alumnos

3º E. S.O: hai dous grupos, un deles específico de PDC, cun total de 28 alumnos.

4º E.S.O: dous grupos, cun de PDC, cun total de 21 alumnos.

PCIP.: dous grupos de 15 alumnos en total.

Alén disto, o centro conta cun claustro de 25 profesores e 4 membros do persoal non docente.

Non se pode obviar a importante porcentaxe de **alumnado** xitano que asiste ao noso centro. Centrándonos na ESO, o 20% dos rapaces e rapazas aquí matriculados pertencen a esa etnia. Ese dato é máis relevante aínda se se ten en conta que se concentra todo no Primeiro Ciclo o que supón arredor dun 37% do total. Aínda que este alumnado está escolarizado dende primaria e cursa a materia de Lingua Galega ten moitas máis dificultades porque o uso no contorno máis próximo é completamente nulo.

Polo que se refire ao uso da Lingua Galega por parte do



profesorado, cómpre dicir que predomina o castelán nas súas relacións persoais aínda que á hora da actividade académica a lingua vehicular é o galego nas materias en que é lingua vehicular.

En canto á **contorna**, como xa se sinalou uns parágrafos máis arriba, algúns alumnos proceden das parroquias limítrofes co casco urbano e algúns membros das familias (sobre todo os máis vellos) aínda se expresan en galego, circunstancia que vai mudando cando nos centramos xa nos rapaces dos barrios ferroláns.

4. OBXECTIVOS

4.1. Obxectivos xerais

Non varían con respecto a anos anteriores. Estamos convencidos de que o ámbito familiar -con respecto aos alumnos- é o punto de referencia básico a ter en consideración con relación á adquisición da lingua, non tanto a escola. Con todo, consideramos que no centro educativo podemos intentar promover, fomentar, dignificar e facer unha discriminación positiva con relación ao noso idioma. Será un dos obxectivos principais poñer os alicerces necesarios para posibilitar que a nosa lingua sexa a de identidade propia e de uso habitual no ámbito escolar. Confiamos en que as actitudes e consideracións con respecto á lingua autóctona (produto da situación diglósica do noso país) poidan ser modificadas.

4.2. Obxectivos canto á lingua habitual:

-Incrementar o uso da lingua galega entre a comunidade escolar, tanto alumnado como profesorado.

-Intentar romper cos hábitos diglósicos do contorno (aínda que comúns a toda Galiza, máis acusados na nosa cidade e comarca).

-Asesorar práctica ou tecnicamente a todo aquel membro docente que, con obrigatoriedade ou non, imparta as súas clases en lingua

galega.

- Asesorar o alumnado, fundamentalmente o do PCPI, no uso da lingua galega na etapa de prácticas nas empresas.

- Preparar actividades (conferencias, teatro, cinema, festivais, concertos, exposicións, saídas...) que teñan como finalidade o fomento da nosa lingua.

4.3. Obxectivos canto á competencia lingüística

- Incentivar o alumnado para que sinta interese pola lingua.

- Crear hábitos de lectura e de escrita en galego, así como no uso de calquera tipo de material que se poida empregar en diferentes ámbitos académicos.

- Dinamizar actividades de índole extraescolar en que se vexa que o uso da lingua é natural e posible.

4.4. Obxectivos canto á valoración do idioma

- Fomentar o respecto para coa diversidade lingüística e cultural.

- Asumir a lingua galega como elemento válido para calquera función comunicativa en calquera contexto.

- Recuperar o estatus que á Lingua Galega lle corresponde como idioma propio de Galiza.

4.5. Obxectivos específicos por sectores da comunidade educativa.

- Con relación ao **alumnado**, eliminar prexuizos aínda existentes , intentar que se incremente nel o número de galegofalantes e, sobre todo, conseguir que se empregue a lingua en todos e cada un dos feitos da súa vida e no maior número de relacións comunicativas que se establezan, pertencen estas ao rexistro oral ou escrito, a situacións consideradas socialmente pouco formais ou, polo contrario, moi formais.

- Con relación ao **profesorado**, intentarase que se amplíen as materias a impartir en lingua galega, á parte daquelas que xa por lei teñen que ser neste idioma, xa que temos profesores galego-falantes que empregan o castelán nas clases. Procurarase, ademais, que o galego sexa a lingua vehicular non só das materias a explicar, senón



tamén da redacción de exames, apuntamentos, relacións cos demais membros do centro, etc. Finalmente asesorarase en calquera dúbida que xurda.

-Con relación **ao persoal non docente**, ofrecerlle un asesoramento no uso da lingua galega no seu traballo no centro a fin de que tamén sirva como alicerce para o uso na súa vida cotiá.

-Respecto da **situación lingüística do centro** afianzar e procurar que aumente o uso do idioma en todas as situacións comunicativas.

-No relativo ao **contorno**, procurar eliminar os prexuízos existentes canto á Lingua Galega.

5. MEDIDAS

Para conseguir estes obxectivos son necesarias varias medidas, a maioría de carácter plurianual e que figuran tamén no PLC e na PSC. Entre elas destacamos:

-Nas comunicacións propiamente administrativas non se fará especial fincapé, salvo para asesorar, pois xa están redactadas en galego. Si o faremos, no entanto, en anuncios, comunicados, circulares, etc., cando non estean na nosa lingua. En definitiva, o EDLG, estará á disposición daquelas persoas que precisen de axuda a este respecto.

-Adquirir material de consulta en galego que incida no proceso normalizador. Isto abranguerá calquera dos ámbitos educativos (distintas disciplinas, administración, actividades extraescolares...)

-Renovar, ampliar e afianzar a radio escolar.

-Colaborar coas asociacións de veciños máis próximas (San Pablo e Santa Mariña) e coa ECHO tal e como se leva facendo desde hai anos.

-Participar nas actividades da Coordinadora de Equipos de Normalización para, entre outras cousas, compartir experiencias con eles.

6. ACTIVIDADES:

Procuraremos, que as actividades dinamizadoras para este curso teñan un carácter eminentemente interdisciplinar. Traballaremos sempre en colaboración co conxunto dos departamentos. Consideramos importantísima a implicación de toda a comunidade educativa para intentar que o proceso de normalidade lingüística se vaia afianzando. Cremos que imos por bo camiño.

Faremos uso dos diferentes paneis informativos existentes para combinar aspectos informativos xunto con lúdicos e persuasivos de cara á normalización do noso idioma. De igual xeito, compartiremos o espazo virtual co blogue do Departamento de Lingua como unha ferramenta máis de difusión do idioma.

As actividades a desenvolver para este ano, e sen contar as posibles que poidan xurdir durante o curso, son as seguintes:

➤ **Edición de materiais en Lingua Galega.**

Á parte do asesoramento xeral a todos os membros da comunidade educativa propoñemos tamén as seguintes actividades:

-Seguir editando a **revista escolar Lembranzas** a final de curso.

-Desde o blogue do Itinerario Lector do departamento de Lingua, que atoparedes no blogue da biblioteca, iremos achegando ligazóns de interese: dicionarios en liña, tradutores, correctores, gramáticas e manuais, cambios na normativa, vocabularios ortográficos... que axudarán á hora de resolver dúbidas lingüísticas; enlaces con recursos educativos na nosa lingua; outras ligazóns de interese (toponimia, xornais, museos...).

- Normalizar implica que o noso alumnado vexa normal o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de par das que eles consideran “máis importantes”. Normalizar e conciencialos da igualdade das linguas e de que a función principal de calquera lingua é a de comunicármonos. Para isto, propoñemos xunto cos docentes implicados no **Portfolio europeo das linguas**, se é que dispoñemos do orzamento suficiente, seguir a



elaborar material conxunto nas linguas que están a traballar do tipo: fichas plurilingües con expresións e actos de fala usuais para fixaren e ver as diverxencias e as similitudes entre as estruturas lingüísticas; textos en calquera tipo de formatos...

➤ **Charlas con autores, conferencias e espectáculos didácticos.**

Como todos os anos procuraremos traer escritores que lles falen aos rapaces

das súas obras tanto se son de lectura obrigatoria coma se non. Estamos xa traballando a posibilidade de traermos a Fran Alonso e Andrea Maceiras

Asistiremos ao longo do curso obras de teatro e espectáculos en Lingua Galega que se programen tanto en Ferrol como na Coruña.

Para traballar a tradición oral seguimos a propoñer espectáculos de contacontos. O curso pasado **Obradoiro de contacontos A HORA AZUL a cargo da compañía TROPA DE TRAPO** foi todo un éxito que compartimos co alumnado dos centros que temos adscritos.

Hogano gustaríanos ofertarlle ao noso alumnado **CONTOS COAS MANS ABERTAS** (2º ciclo da ESO, a prol da igualdade, solidariedade internacional...)

Esta é a nova proposta da **Tropa de Trapo**. Un novo espectáculo de contos a dúas voces con música en directo. Igual ca en anteriores proxectos, seguen a explorar a liña de historias reais (case todas), recollidas en primeira persoa, na busca de contos sinceros e cercanos, que falen realmente do fondo humano que a todos nos une.

Sen caer en tópicos sobre a solidariedade e a cooperación, **CONTOS COAS MANS ABERTAS** é un espectáculo cheo de esperanza, de humor, de amor, de realidade, de pequenas loitas posibles e de grandes soños no horizonte. Contos para mellorar o mundo, para entendela mellor, para traballar por el. Sempre coas nosas mans, as que temos, as que tanto valen : as nosas mans abertas.

Xirando en torno á idea das mans, pola nosa imaxinación irán

*pasando mulleres maiores dunha aldea galega que aprenden a andar en bicicleta, cooperantes, guerrilleiros sandinistas, vacas, inmigrantes do Magreb e unha tribo de bosquimáns cun curioso convidado... todo mesturado cun ritmo entretido, próximo e emocionante. Sempre aliñado cun pouco de retranca, misterio e ilusión... e o son da **música en directo**, desta vez con instrumentos coma a guitarra e o laúde árabe... sons suxerentes para deixarnos levar e imaxinar os contos como se estivésemos dentro da propia historia. [agareso radio](#)*

Tamén seguimos a incidir na oralidade cun **Obradoiro didáctico de regueifas** para 3º e 4º da ESO coa **Asociación O.R.A.L. de Galicia**. Esta actividade xa a levamos a termo con satisfacción hai dous anos.

Unha outra actividade oral que compartimos co departamento de Lingua Inglesa, e que queremos repetir, foi o contacontos bilingüe a cargo de Tim Bowly e Charo Pita.

➤ **As nosas tradicións**

Neste apartado incluimos todas aquelas actividades orientadas ben a recuperar ou ben a promover tradicións da zona. Entre elas destacamos:

O Samaín

Todos os anos por novembro o centro intenta relanzar o Samaín como actividade relevante do noso acervo cultural, así como dos elementos lingüísticos e de literatura popular que leva consigo. A participación do alumnado é moi elevada.

O Magosto

Coincide no tempo coa anterior e case sempre se celebran xuntos. Colaboran de maneira moi activa a ANPA e as asociacións de veciños da zona.

O Entroido

É unha das festas nas que hai máis implicación por parte do alumnado. Tamén é certo que este entusiasmo se lle transmite ao profesorado e persoal non docente que participa de maneira maioritaria. Adoita rematar a semana cun gran festival onde se reparten premios aos



mellores disfraces. Colaboramos coa Biblioteca facendo fincapé no tema. Este ano, a poesía.

Os Maios

En maio o IES acostuma colaborar coa asociación de veciños Santa Mariña na elaboración dun Maio.

➤ **Concursos**

- Polo Magosto e o Samaín concurso de cabazas e de relatos de medo.
- Polo Nadal o EDLG adoita convocar un concurso para recuperar a tradición de panxoliñas da zona na que se encontra o centro. O ano pasado non se levou a termo. Este ano procuraremos realizala xa que, esta actividade e a anterior permiten recuperar parte da literatura tradicional da zona.
- Tamén no Entroido hai concursos de composicións relacionadas con esa data e un festival de disfraces e comparsas.
- Por San Valentín temos en mente un concurso de cartas de amor co que se pretende demostrarlles aos rapaces que en galego tamén se poden expresar os sentimentos máis profundos. Asemade motivarémolos para que participen no Lingua de Amor.
- Un clásico no centro é a participación no certame Poesía e Imaxe organizado polo Concello de Ferrol. O IES de Catabois sempre leva algún premio. Colabora activamente o Departamento de Plástica.

➤ **Especial Día das Letras**

Sobra dicir que todos os anos no mes de maio ocupa un lugar especial a figura homenaxeada. Sempre se convocan premios literarios, exposicións e conferencias entre outras actividades. Nelas participan tamén as asociacións veciñais. Este curso o homenaxeado é Xosé María Díaz Castro. Procuraremos darllo a coñecer non só á comunidade educativa, senón tamén a pais e nais a ás asociacións veciñais a través do almanaque 2014, da exposición bibliográfica que montaremos na entrada do instituto e, de igual xeito que o curso pasado, editarase un

boletín conxuntamente co IES As Mariñas de Betanzos e mais as bibliotecas de ambos centros.

➤ **A colaboración coa Biblioteca**

Se hai algo do que nos sentimos orgullosos neste centro é da Biblioteca e do seu bo funcionamento. A coordinadora do EDLG e varios integrantes do equipo de normalización tamén forma parte do equipo de biblioteca. Traballamos conxuntamente co equipo da Biblioteca para potenciar o noso idioma no centro á parte de organizar exposicións e actividades ligadas á lectura (asesoramento lingüístico, confección de boletíns, entradas nos blogs, participación nas actividades promovidas pola biblioteca...). Como xa indicamos, o EDLG compartirá blogue co Departamento de Lingua para a difusión das súas actividades e das novas referidas co idioma.

➤ **Colaboración con outras entidades**

Un dos obxectivos do IES de Catabois é a colaboración coa contorna da que proveñen os seus alumnos. Seguindo con este principio o EDLG sempre está disposto a colaborar en calquera actividade que os veciños organicen co obxectivo de potenciar o uso da Lingua Galega. Tamén se lles ofrece asesoramento lingüístico no caso de que o precisen. Como xa quedou dito máis arriba, as asociacións de veciños San Pablo e Santa Mariña están en contacto permanente connosco. De igual xeito, desde hai dous cursos, o traballo conxunto coa ECHO (Empresarios, Comerciantes e Hostaleiros de Catabois) está a dar moi bos resultados.

A colaboración co Concello de Ferrol, fundamentalmente co Departamento de Normalización Lingüística é continua. Tamén estamos abertos a participar en calquera actividade organizada por entidades públicas ou privadas que teñan como obxectivo conseguir a plena normalización do idioma.

➤ **Outras actividades**

Propoñemos outra serie de actividades a desenvolver con alumnos,



profesorado e persoal non docente:

1. Celebración do Día de Rosalía. O curso pasado tivo unha espléndida a collida o acto de celebración desta autora e do centenario de *Cantares*. Repetiremos o evento.

2. Colaborar cos diferentes Departamentos na conmemoración de **datas sinaladas** no calendario escolar: Día de Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro); Día contra a violencia de Xénero (25 de novembro); Día da paz (30 de xaneiro); Día da muller traballadora (8 de marzo); Día do libro; semana da Letras...

Procuraremos que, cando menos, a nosa lingua sexa o instrumento de difusión nas exposicións, nas lecturas de textos, que se leven á termo para celebrarmos eses eventos.

3. Este ano colaboraremos no **Proxecto Interdisciplinar** de 1º: **A creación literaria**. A profesora Laura Fernández Sánchez e o profesor Alfonso Prieto Pita, encargados de impartir o Proxecto xa se puxeron en contacto connosco para traballarmos conxuntamente.

4. Gustaríanos participar no **Correlingua**. É unha actividade que consideramos repetir mais, por motivos da súa celebración ao final do curso, estes anos está a quedar sen celebrar.

5. Facer **excursións didácticas** que repercutan na convivencia e integración e, inclusive, algún intercambio con outro centro, a poder ser cun alto grao de galeguización.

6. Organizar actividades lúdico-culturais que permitan recuperar tradicións autóctonas en perigo de desaparición (baleirado de cabazas, os maios, a figura do apalpador...).

7. Colaborar cos distintos departamentos en calquera actividade complementaria ou extraescolar na que se empregue o galego como lingua normal de comunicación. Como xa indicamos o Departamento de Inglés quere repetir o contacontos Galego-Inglés de Charo Pita e mais Tim Bowly. Dependemos da axuda da Xunta para levarmos a cabo este tipo de actividades.

8. Colaborar na publicación dos diferentes boletíns da biblioteca.

9. Participar en calquera actividade que supoña un paso adiante na consecución da plena normalización da Lingua Galega, como vimos facendo nos proxectos Portfolio Europeo e mais no proxecto Comenius.

7. AVALIACIÓN E PREVISIÓN DE IMPACTO.

Igual que en cursos anteriores, a **avaliación** que se fará sobre o proceso de normalización terá as seguintes características:

- Inicial: farase unha análise sociolingüística que se centre no alumnado novo posto que do outro xa temos datos.

- Permanente: permitirá facer unha reflexión continuada e correctora sobre todos os elementos que interveñan no proceso.

- Sumativa: intentará tirar o máximo de proveito da información que se atinxa.

- Global: ampla reflexión sobre todos os aspectos do proceso con especial atención á medición dos avances do proceso.

Previsión de impacto.

O obxectivo principal e final do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é promocionar, fomentar e dignificar o uso da lingua galega na comunidade educativa e, a través dela, da sociedade. Confiamos en que as medidas e actividades aquí expostas dean os seus froitos a máis curto prazo nas familias e contorno veciñal vinculadas ao noso centro.



8. TEMPORIZACIÓN, DESTINATARIOS E ORZAMENTO.

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO NO IES CATABOIS (FERROL)

Temporización	Título actividade	Departamento/s ao que pertence	Destinatarios/as	Orzamento
Último trimestre	Revista Lembranzas	Todos os departamentos	Toda a comunidade educativa, veciños e pais	400 Euros
Todo o curso	Edición de materiais en Galego, almanaque, camisola Rosalía...	Lingua Galega, Plástica	Alumnado, profesorado e nais e pais	300 Euros
Segundo trimestre	Contacontos en galego- inglés	Lingua Galega e Inglés	Todo o alumnado	300 Euros
Primeiro ou segundo trimestre	Obradoiro contacontos	Lingua Galega, Xeografía e Historia, Música.	Todo o alumnado	350 Euros
Un por trimestre	Conferencias de escritores en Lingua Galega	Lingua Galega	Toda da Comunidade Educativa, veciños, nais e pais	150 Euros
Un por trimestre	Teatro, cine, concertos en Galego	Lingua Galega, Actividades Extraescolares	Alumnado e Profesorado	300 Euros
Na época correspondente	As nosas tradicións	L. Galega, Educación Física, Xeografía e Historia, Plástica, Biblioteca...	Comunidade Educativa, asociación de veciños, pais e nais,	300 Euros
Todo o curso	Concursos Literarios	Lingua Galega	Alumnado	150 Euros
Segundo ou terceiro trimestre	Obradoiro didáctico de regueifas	Lingua Galega, Música	Alumnado	300 Euros
Terceiro trimestre	Semana das Letras	Lingua Galega e Biblioteca	Comunidade Educativa, veciñanza, pais e nais	100 Euros
Todo o curso	Intercambios Culturais	Lingua Galega Xeografía e Historia, Bioloxía-Xeoloxía	Alumnado	200Euros
Todo o curso	Colaboración coa biblioteca	Lingua Galega	Alumnado e profesorado	150 Euros

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento.

Ferrol, 27 de setembro de 2013

ANEXO I

PROXECTO INTERDISCIPLINAR 2013-14

Obradoiro de lectura e expresión

Presentación e xustificación:

No presente curso 2013-14, contamos con 36 alumnos repartidos en dous grupos iguais de 18. Os profesores implicados no proxecto son Alfonso Prieto Pita, do departamento de Educación Física, e Laura M^a Fernández Sánchez, de Francés.

O P. I. deste curso versará sobre o proceso de creación literaria e terá un enfoque moi práctico e dinámico cos alumnos evitando que se convirtan en suxeitos pasivos na aula e estimulando as súas propias capacidades creativas. Partiremos da obra de Gerald Durrell e de tres conmemoracións que terán lugar ao longo do ano e que poderemos facer encaixar cos trimestres en que se artella o curso ou non, en función de cómo se vaia desenvolvendo.

Temporización e contidos:

As unidades ou temas se levarán a cabo sempre seguindo un mesmo esquema: en primeiro lugar, presentárase a obra que será o eixo e punto de partida (*Mafalda, Platero y yo, Rayuela, Mi familia y otros animales*); en segundo lugar, ofreceremos a ler aos alumnos outros exemplos na mesma liña para despois, animalos a elaborar eles mesmos o seu propio texto; para rematar, divertiremonos en grupos ou todos xuntos, con xogos que estimulan a expresión verbal ou plástica.

As seguintes catro unidades repartirémolas entre os tres trimestres do curso, non necesariamente facéndoas coincidir coas datas de avaliación, xa que a materia non levará cualificación numérica. No tocante á temporización, destinaremos seis sesións por unidade deixando sempre aberta a posibilidade de alongar ou reducir algunha delas, en función de cómo se vaia desenvolvendo, primando a calidade e implicación do alumnado na actividade.

1. 50º aniversario da publicación de Mafalda:

- Lectura e traballo con xornais e outras publicacións de viñetas de humor.



- Elaboración de cómics, viñetas, tiras cómicas, ...
 - Xogo de expresión plástica e gráfica: Pictionary.
- 2.** 100º aniversario de *Platero y yo*:
- Lectura e traballo da prosa poética e da descrición.
 - Traballo de descrición a partir de obras de arte célebres: observación e descrición.
 - Xogo de expresión: Tabú.
- 3.** 50º aniversario de *Rayuela*:
- Lectura de novelas do tipo “Elige tu aventura”.
 - Elaboración dun “cadáver exquisito”.
 - Xogo de expresión: Scattergories.
- 4.** Literatura, medio e aprendizaxe:
- Lectura de DURRELL, Gerald.- *Mi familia y otros animales*.
 - Elaboración a escoller entre: diario de naturalista, mapa de ecosistemas ou atlas de fauna, ... etc.
 - Proxección da película *Jumanji* e comentarios.

Avaliación:

Aínda que non é numericamente cuantificable, si faremos unha avaliación no informe final de competencias que dará un resultado entre “moi baixo” e “excelente”, ademais das observacións que cada profesor considere necesarias. Os criterios están baseados en aspectos como a implicación e participación activa máis que na cantidade ou calidade na produción dos materiais.

Ferrol, a 16 de setembro de 2013.

Alfonso Prieto Pita e Laura M^a Fernández Sánchez.

ANEXO II

Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

1. INTRODUCCIÓN páx. 3
2. OBXECTIVOS XERAIS páx. 3
3. ESTUDO INICIAL DO CENTRO páx. 5
4. OBXETIVOS A CURTO E LONGO PRAZO páx. 6
5. METODOLOXÍA páx. 8
6. ESTRATEXIA DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO páx. 8
7. UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS EXISTENTES
.....
. páx. 9
8. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO páx. 9
9. FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS, TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO E MEDIDAS PARA PROMOVER O ACCESO ÁS TIC EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE POR PARTE DE PERSOAS DOS DOUS SEXOS E DE DIFERENTES CONDICIÓNS SOCIAIS páx. 9
10. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E PARA A APRENDIZAXE. páx. 10
11. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL TENDENTE A DETECTAR OS OBXECTIVOS ACADADOS E OS INCUMPRIDOS, ASÍ COMO AS ESTRATEXIAS QUE DEBERÁN ADOPTARSE PARA ACADAR OS NON CONSEGUIDOS. páx 11
12. DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO. ELABORACIÓN DUN PLAN DE FORMACIÓN INTERNO QUE PERMITA DIFUNDIR BOAS PRÁCTICAS E APROVEITAR IDEAS E COÑECEMENTOS DOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DOCENTES. páx 11
13. DIFUSIÓN DO PROXECTO páx 12



1. INTRODUCCIÓN

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei Orgánica de Educación, e coa finalidade de que as Tecnoloxías da Información e da Comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, o centro debe elaborar e incluír no Proxecto Educativo de Centro, un plan de integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa, na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Preténdese que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a súa utilización como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación a nivel de centro e de aula coa participación activa de todo o equipo docente que, unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á memoria deste.

2. OBXECTIVOS XERAIS

Para o Centro

- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper con desigualdades sociais.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans,...
- Facilitar o acceso a estas ferramenta por parte do alumnado con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina Web, xornal escolar, actividades culturais, etc.

Para o profesorado

- Mellorar a programación pedagóxica a través das TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas,...
- Saber consultar e tirar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, Chats,... e diversas redes de colaboración como Internet.



Para o alumnado

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

Para a Comunidade Educativa

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

3. ESTUDO INICIAL DO CENTRO

As condicións sociais do alumnado matriculado no centro son moi diversas, e como consecuencia, algúns dispoñen de ordenador e conexión a Internet nas súas casas, mentres que outros non. O nivel de coñecementos e competencias no manexo destes equipos soe estar en relación con este feito. Non obstante, salvo algunha excepción, en xeral, a gran maioría do alumnado dispón duns coñecementos mínimos que lle permiten afrontar o manexo e a aprendizaxe relacionada coas TIC sen demasiados atrancos.

O centro, dende o curso 2006-07 conta cunha páxina Web que se pode visitar na dirección: <http://centros.edu.xunta.es/iesdecatabois>

Ata o ano 2006 o centro dispuña de só unha aula de informática con conexión a Internet, con trece ordenadores de sobremesa e un portátil onde se establecía unha pequena rede local que se montaba e desmontaba para o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos. Contaba a aula ademais cun escáner, dúas cámaras web e unha impresora, a partir do curso 2008-09 conta tamén cun taboleiro dixital interactivo.

Durante o curso 2006-07 creouse outra aula de informática dotada con doce ordenadores, un canón-proxector, un ordenador portátil e un taboleiro dixital interactivo.

A compra do taboleiro dixital interactivo veu acompañada dunha curta formación dunhas horas para o profesorado.

Aínda que xa había conexión a Internet noutros espazos como a aula de audiovisuais, a sala de profesores, a conserxería, a biblioteca, a aula taller de tecnoloxía e os despachos de dirección e administración, no ano 2007 mellorouse substancialmente dotando de conexións a todos os despachos dos departamentos e a todas as aulas do centro.

En anos anteriores ademais do uso habitual das TIC na aula de audiovisuais e por suposto na obrigada utilización das mesmas nas materias de Tecnoloxía e Informática, nalgunha materia creáronse páxinas web ou blogs para mostrar traballos realizados no centro.

De todos os xeitos queremos sinalar que pouco a pouco a páxina web do centro vaise enchendo de contido, e merece especial mención por canto supón de traballo diario o mantemento e desenvolvemento do blogue da biblioteca.

Dende o curso 2010-2011 estamos participando no proxecto Abalar, coa participación do 1º ciclo da ESO. Na actualidade o centro conta con catro aulas ABALAR, dúas de 1º da ESO e dúas de 2º da ESO.

Queremos un proxecto realista que sirva como complemento útil ao ensino. Non cremos necesario ser expertos informáticos para poder utilizar as novas tecnoloxías. Para empezar, o profesorado, alumnado e familias só necesitamos coñecementos a nivel usuario tales como: conectarnos á Internet, buscar información, elaborar documentos cun procesador de textos, comunicarnos mediante correo electrónico e pouco máis.



4. OBXETIVOS A CURTO E LONGO PRAZO

A curto prazo

- Facilitarlle a todo o profesorado o uso de materiais como: canón-proxector, vídeo, ordenador portátil, escáner, cámara dixital, taboleiro dixital interactivo e as conexións correspondentes para a introdución das TIC na aula.
- Facilitarlle a toda a Comunidade Educativa a utilización da web do centro.
- Por en funcionamento Moodle na web do centro e empezar a probar a súa utilidade.
- Utilizar Coppermine para subir as imaxes das actividades.
- Utilizar materiais interactivos nos procesos de ensino-aprendizaxe partindo dos existentes na rede para posteriormente empezar a elaboralos nos departamentos.
- Facilitarlle ao alumnado o uso dos ordenadores da biblioteca fóra do horario lectivo, nos recreos.
- Utilización do taboleiro dixital interactivo.
- Continuar coa elaboración dixital da revista anual do centro.
- Reducir o consumo de papel e fotocopias pola utilización de documentos dixitais.
- Que todo o profesorado coñeza que existen recursos de aprendizaxe como a elaboración de WebQuest, ou actividades como Caza do tesouro, e programas como Hot Potatoes que permiten elaborar exercicios interactivos baseados en páxinas web.
- Potenciar os sistemas de xestión do centro (XADE WEB).
- Xeneralizar a utilización do XADE WEB como ferramenta útil nos procesos administrativos do centro.
- Poñer en marcha o e-pel ou portfolio electrónico nos cursos de 3º A e 4ºA.

A longo prazo

- Aumentar a participación do número de profesores e alumnos implicados na utilización das novas tecnoloxías.
- Reflexionar sobre o emprego das novas tecnoloxías na educación e compartir experiencias para atopar metodoloxías adecuadas ao uso das mesmas.
- Propiciar o traballo colaborativo a través da rede interna.
- Crear contidos didácticos para todas as materias.
- Lograr a xestión administrativa para as familias desde casa.
- Conseguir a maior utilización posible do software libre.
- Que o profesorado incorpore nas programacións de aula o uso destas tecnoloxías creando nos departamentos bibliotecas cos recursos dixitais existentes e os creados por eles mesmos.
- Investigar novas aplicacións e programas adecuados para o seu emprego no proceso de ensino-aprendizaxe.

5. METODOLOXÍA

O uso das novas tecnoloxías é un recurso didáctico máis que non exclúe os tradicionais, como por exemplo: encerado e libro de texto, que resulten eficaces na práctica docente. De forma xenérica pódese considerar o uso de software educativo das editoriais e os obtidos na rede. Tamén a procura de información complementaria con conexións a páxinas a través de buscadores. Cada departamento irá incluíndo actividades concretas nas súas programacións de aula. Incluímos varias propostas de actividades que cada departamento irá escollendo segundo adáptese mellor ás súas necesidades.

- Visitas a páxinas web educativas, especialmente ás que conteñen actividades interactivas.



- Os alumnos buscan a información proposta polo profesor en Internet para o desenvolvemento do tema ou para a realización de actividades. Citamos as posibilidades que ofrecen as interactivas, por exemplo a Caza do tesouro.
- O profesor a través de Moodle propón cuestións a resolver, suxire recursos aos que poder acudir e os alumnos contestan.
- Os alumnos ao terminar un tema elaboran un documento e sóbena á web do centro ou a un blogue de aula.
- O profesor crea un foro na aula virtual do centro para discutir sobre un tema e os alumnos interveñen.
- Consultar documentación de xornais dixitais que teñan relación co tema tratado.
- Consultar enciclopedias multimedia.
- Buscar na Internet imaxes mellores que as que aparecen no libro de texto.
- Visitas virtuais a museos.
- Busca de significados en dicionarios en Internet.
- Utilización de tradutores na Internet.
- O profesor planifica audio e videoconferencias con outros institutos, mesmo do estranxeiro.
- Planificación de viaxes: rutas, hoteis, voos, etc.
- Visualización de mapas vía satélite.
- Elaboración de calendarios en formato dixital.

6. ESTRATEXIA DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado das distintas áreas coordinarase para traballar na utilización das TIC por medio de reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Cando non haxa obriga procurarase involucrar o maior número de profesores posible para que voluntariamente participen en proxectos interdisciplinares comúns. Para iso requírese planificación e que unha comisión reducida se

encargue de suxerir e propoñer temas. Toda a información canalizarase a través dos xefes de departamento.

7. UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS EXISTENTES

En canto a recursos materiais, o centro está en óptimas condicións para levar adiante o plan TIC. Dispón de dúas aulas de informática, unha con dezaseis e outra con doce ordenadores, catro aulas ABALAR con miniportátiles a disposición dos alumnos, conexións a Internet en todas as aulas, talleres, biblioteca, e oficinas. Dispón ademais de varios equipos de vídeo, pantallas de televisión, webcam, cámaras dixitais, escáner, canóns proxectores, ordenadores portátiles e nove taboleiros dixitais interactivos. Conta o centro, tamén, nos distintos departamentos e na biblioteca con abundante material en diferentes formatos: CD, DVD, etc, que permiten desenvolver moitas unidades didácticas co apoio destes recursos.

8. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

Faise necesario planificar e ordenar os espazos do centro para que todo o profesorado saiba con suficiente antelación os horarios en que é posible a utilización das aulas de informática ou da sala de audiovisuais así como a dispoñibilidade dos diferentes aparellos, como por exemplo proxectores ou vídeos, para utilizalos na aula do grupo. Para facilitar o traballo exporase un cadro informativo onde figurará a localización de cada material e o horario de dispoñibilidade das aulas de informática e audiovisuais. Elaborarase un modelo de anotación e fixarase un prazo de tempo para apuntarse.

9. FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS, TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO E MEDIDAS PARA PROMOVER O ACCESO ÁS TIC EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE POR PARTE DE



PERSOAS DOS DOUS SEXOS E DE DIFERENTES CONDICIÓNS SOCIAIS.

O centro ten bastantes alumnos e alumnas que necesitan apoio educativo. No cadro de persoal hai unha profesora de pedagogía terapéutica, que dispón de aulas específicas dedicadas a este labor. Nestas aulas dispónse de ordenador e conexión a Internet e, polo tanto, estase en condicións de utilizar as TIC. Cóntase ademais coa posibilidade de utilización dos portátiles, vídeos, etc. pero o que se procura é, precisamente, que o alumnado con necesidades especiais se integren no grupo canto máis tempo mellor e para iso as TIC poden axudar.

Por outra banda, debido en moitos casos á falta de recursos económicos, é moi importante que os discentes poidan dispor de acceso ás novas tecnoloxías e que non se produza ningún tipo de discriminación por sexo ou por padecer algún tipo de necesidade educativa especial.

Pártese da filosofía de que todos os alumnos e alumnas pertencen ao grupo, que todos poden aprender na aula, que a diversidade reforza a clase e ofrece mellores oportunidades de aprendizaxe para todos. A inclusión de todo o alumnado ensina que todas as persoas son igualmente valiosas nesta sociedade e que paga a pena incluír a todas. Preténdese promover grupos de aprendizaxe cooperativa no lugar impartir leccións maxistras. A formación de grupos fomenta a socialización.

O uso do ordenador fomenta o alumnado construtor dos seus coñecementos producíndose unha aprendizaxe activa. É ademais un elemento de motivación, xa que pode aumentar o interese polo coñecemento e permite a individualización da aprendizaxe respectando o nivel de competencias de cada un.

No proceso de aprendizaxe o profesor exerce o papel de guía. Pon en contacto os coñecementos e as ideas previas do alumnado cos novos contidos.

Pódense propoñer situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os discentes co fin de que resulten motivadoras. Facilítase as relacións de

amizade e a aceptación das diferenzas e favorécese o desenvolvemento da autoestima dos alumnos con necesidades específicas.

10. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E PARA A APRENDIZAXE.

A biblioteca é outro dos espazos do centro dotado de conexión a Internet. Na actualidade conta de forma permanente con cinco ordenadores e pódense utilizar a maiores os portátiles que estean libres. Ademais dos CD, DVD e vídeos, que están normalmente nos departamentos, a biblioteca conta cos seus propios materiais. Dedicada parte do seu orzamento anual á compra destes recursos.

Entre as actividades da biblioteca está a aprendizaxe do programa de xestión da base de datos e a elaboración dun Blogue. Son os alumnos/as, coa guía do profesorado, os encargados de manter actualizada toda a información.

11. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL TENDENTE A DETECTAR OS OBXECTIVOS ACADADOS E OS INCUMPRIDOS, ASÍ COMO AS ESTRATEXIAS QUE DEBERÁN ADOPTARSE PARA ALCANZAR OS NON CONSEGUIDOS.

Consideramos que o plan de avaliación ademais da análise dos obxectivos alcanzados, valerá para reflexionar sobre os procesos desenvolvidos, as causas que facilitan ou dificultan estes procesos e a procura de estratexias para mellorar.

Desde o primeiro momento as accións que se vaian realizando deben valorarse para modificar con axilidade o proxecto de forma continua.

Tendo en conta a situación actual e os obxectivos propostos a curto e longo prazo, analizarase os logros alcanzados e adoptaranse as medidas correctoras.



- Analízanse os diferentes bloques da web do centro: secretaría, departamentos, etcétera, e o uso de Moodle e Coopermine.
- Mídese a utilización das TIC nas diferentes materias.
- Valórase as modificacións metodolóxicas nas aulas.
- Valórase o grao de mellora nos procesos de aprendizaxe dos alumnos.
- Mídese a utilización dos ordenadores polos alumnos fóra do horario lectivo.
- Mídese a utilización do taboleiro dixital interactivo.
- Valórase a diminución do consumo de papel.
- Mídese o cambio progresivo á utilización do software libre.
- Valórase a utilización da web do centro polas familias para consultas e xestións administrativas.
- Valórase a creación de contidos didácticos de elaboración propia nas diferentes materias.
- Valórase a utilización del XADE.

12. DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO. ELABORACIÓN DUN PLAN DE FORMACIÓN INTERNO QUE PERMITA DIFUNDIR BOAS PRÁCTICAS E APROVEITAR IDEAS E COÑECIMENTOS DOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DOCENTES.

A maior parte do profesorado do centro traballa habitualmente con ordenadores para preparar clases, elaborar programacións, fichas, buscar información na Internet, etc.

Manexa, tamén, con asiduidade os proxectores e vídeos que en distintos formatos están no mercado. Con todo, a aparición de recursos novos, por exemplo o taboleiro dixital interactivo e o *software* que leva aparelado, fai necesario un tempo de formación e adaptación metodolóxica.

Por outra banda, a formación en Drupal, Moodle e Coopermine, ferramentas coas que se traballa na web do centro, é case nula para case todo o profesorado. Polo tanto, un reducido grupo de profesores e o persoal de

administración coñecedores dos programas transmitirán todos os seus coñecementos ao resto da comunidade educativa.

A máis longo prazo, o obxectivo de emigrar ao *software* libre requirirá formación para case todo o profesorado no sistema operativo LINUX e noutras aplicacións.

Hai ademais un reducido grupo de profesores que non utilizan o ordenador de forma habitual e como consecuencia, se queren incorporar ás programacións de aula o uso das TIC teñen que dispor dun período longo de formación. Contarán co apoio necesario dos profesores máis expertos tanto para a propia formación como para a busca e mesmo a elaboración de contidos didácticos.

13. DIFUSIÓN DO PROXECTO

O equipo directivo xunto co coordinador do proxecto encargárase de que toda a información do plan chegue a toda a comunidade educativa.

Aos profesores informaráselles a través dos departamentos nos que se debaterán as posibles modificacións de programacións, as metodoloxías a aplicar e as necesidades de formación.

A información ao alumnado canalizarase a través das titoras e dos titores e da xunta de delegados e delegadas.

Aos pais e nais, con obxecto de difundir a experiencia e de aproveitar os recursos para lograr unha mellor comunicación entre familias e centro, informaráselles da posta en marcha do proxecto a través da ANPA e por comunicación escrita. Se hai familias interesadas pódense propor cursos de formación nas TIC. Utilizarase tamén a web do centro para a difusión do proxecto.